





ACTUALIZACIÓN SITUACIÓN METEOROLÓXICA DÍAS 17 AO 20 XANEIRO

Mércores 17 – Xaneiro: O centro da borrasca Irene atópase preto de Galicia o que fará que as condicións meteorolóxicas sexan moi adversas. Chuvias intermitentes por momentos de forte intensidade. Ventos do suroeste tamén de forte intensidade durante toda a xornada e en todo o litoral. Avisos amarelos por ventos de forza 7 no mar e por ondas que poden superar os 4 metros, que pasarán a laranxa ao final do día.. Avisos amarelos tamén por vento e chuva en terra.




MeteoGalicia - Xunta de Galicia




MeteoGalicia - Xunta de Galicia

Ventos e correntes previstas para o mediodía do mércores 17 de xaneiro

Xoves 18 – Xaneiro: O xoves será unha xornada de cambio. Os ventos soprarán aínda fortes do suroeste durante a madrugada, pero cambiarán a norte ao principio da mañá. Os chuvascos irán desaparecendo pola tarde. As ondas cambiarán a súa dirección. Na primeira metade do día seguirán chegando do oeste, con alturas significantes en torno aos 4 metros, pero xa pola tarde serán do noroeste, diminuíndo a altura. Aínda haberá avisos na madrugada e primeiras horas por vento e ondas que se irán desactivando co avance da mañá.



MeteoGalicia - Xunta de Galicia




MeteoGalicia - Xunta de Galicia

Ventos e correntes previstas para o mediodía do xoves 18 de xaneiro




Venres 19 – Xaneiro: A situación meteorolóxica deste día quedará caracterizada pola influencia dunha cuña anticiclónica que estabilizará a atmosfera e achegará aire frío. Así, agardamos un día de tempo seco, con temperatura baixa. Os ventos soprarán do norte-nordés, acadando intervalos de forza 7 entre Fisterra e Ribadeo. O mar de fondo do noroeste, bastante tendido e con ondas en torno aos 2 metros de altura.



Ventos e correntes previstas para o mediodía do venres 19 de xaneiro

sábado 20 – Xaneiro: As altas presións aínda dominarán a situación meteorolóxica durante esta xornada, pero con tendencia a debilitarse. Isto fará que a xornada sexa seca e os ventos sopren aínda de compoñente norte, pero con menor intensidade que na xornada do venres e con tendencia a quedar en calma ao final do día ou mesmo comezar a cambiar de novo a suroeste. O mar de fondo chegará moi tendido do noroeste.



Ventos e correntes previstas para o mediodía do sábado 20 de xaneiro

Valoración sobre a chegada dos granulados ao litoral de Galicia

Galicia atoparase aínda durante toda a xornada de hoxe e nas primeiras horas de mañá xoves na influencia da borrasca Irene, polo tanto con ventos fortes do suroeste. Estes ventos



deberían transportar os granulados cara ao noroeste, dispersándose polo Golfo de Biscaia. Pero mañá xoves xa pola mañá os ventos daranse a volta e comezarán a soprar do nordés. Durante a xornada do venres ese nordés terá forte intensidade, polo que o movemento do granulado sería o contrario que nos días anteriores. Pero ese nordés non será de moi longa duración. O venres ao final do día irá perdendo intensidade e xa durante a xornada do sábado collerá de novo dirección sur-suroeste.

Tal como se especificou en anteriores valoracións o parágrafo anterior parte da base de que tódalas bolsas contendo os granulados saíron do contedor o día do accidente. Sendo así, aínda temos que ter en conta outra incerteza que é o feito de que tratamos con simulacións moi longas no tempo na que houbo escasas oportunidades intermedias de validar, agás nos momentos de chegada dos granulados ao litoral, o que incrementa a incerteza.

Información sobre as mareas:

Mércores, día 17

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Baixamar	02:14	0.9	Baixamar	01:52	0.9	Baixamar	01:58	0.9
Preamar	08:37	3.7	Preamar	08:14	3.5	Preamar	08:20	3.6
Baixamar	14:52	0.9	Baixamar	14:32	0.9	Baixamar	14:36	0.9
Preamar	21:10	3.3	Preamar	20:48	3.1	Preamar	20:53	3.2

Xoves, día 18

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Baixamar	03:11	1.1	Baixamar	02:50	1.1	Baixamar	02:56	1.0
Preamar	09:36	3.5	Preamar	09:14	3.3	Preamar	09:19	3.3
Baixamar	15:51	1.1	Baixamar	15:32	1.1	Baixamar	15:36	1.1
Preamar	22:13	3.1	Preamar	21:52	3.0	Preamar	21:57	3.0

Venres, día 19



A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Baixamar	04:18	1.3	Baixamar	03:59	1.3	Baixamar	04:03	1.2
Preamar	10:43	3.2	Preamar	10:24	3.1	Preamar	10:27	3.1
Baixamar	16:59	1.3	Baixamar	16:42	1.3	Baixamar	16:46	1.2
Preamar	23:26	3.1	Preamar	23:06	2.9	Preamar	23:09	2.9

Sábado

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Baixamar	05:35	1.4	Baixamar	05:20	1.3	Baixamar	05:23	1.3
Preamar	12:00	3.1	Preamar	11:41	3.0	Preamar	11:44	3.0
Baixamar	18:13	1.4	Baixamar	17:57	1.3	Baixamar	18:01	1.3

Datos en tempo real:

Meteorolóxicos:

<https://www.meteogalicia.gal/observacion/meteovisor/indexVisor.action>

Océano-meteorolóxicos:

<http://www.intecmar.gal/Plataformas/plataformas.aspx>

Máis información dos modelos:

<https://www.meteogalicia.gal/modelos/inicio.action>